

**PUBLICACIÓN DA DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO
SELECTIVO DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A
CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022**

De conformidade co previsto na bases sexta e novena das que rexen o proceso selectivo para a provisión, por funcionario/a de carreira, dunha praza de arquitecto/a técnico/a correspondente á oferta de emprego público 2022, e segundo o acordado polo Tribunal o día 30 de novembro de 2023, faise publico que o **primeiro exercicio da fase de oposición celebrarase o xoves 14 de decembro, ás 12:30, no Auditorio Constante Liste, sito na rúa da Lagoa nº 2.**

De conformidade coa base novena 1.1a), o citado exercicio, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cen (100) preguntas tipo test, relacionado co programa que figura no anexo II das Bases que rexen o proceso selectivo (BOP nº 229, do 02/12/2022). Vinte (20) preguntas corresponderanse coa parte común do programa e oitenta (80) preguntas coa parte específica. O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva, das que catro (4) serán da parte específica do programa. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha (1) delas será a correcta. O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento vinte (120) minutos. O exercicio cualificarase de cero (0) a trinta (30) puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos, asignándose a cada resposta correcta trinta centésimas (0,30) de punto e descontándose setenta e cinco milésimas (0,075) de punto por cada resposta incorrecta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O que se fai publico no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no Auditorio Constante Liste (lugar de realización do exercicio) de conformidade coa base sexta das que regulan o citado proceso selectivo e co acordado polo Tribunal na súa reunión do 30 de novembro.

Teo, a 4 de decembro de 2023.

A secretaria do Tribunal

Virginia Fraga Díaz